

## ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE XANEIRO DE 2022

**Participantes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretario**

Prada Rodríguez, Julio

**Vicedecanos**

Arribas Álvarez, M. Carmen

Fernández Fernández, Adolfo

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Representante estudiantado:**

Lozano Ramírez, Amado Tierra

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a [jprada@uvigo.es](mailto:jprada@uvigo.es) para tratar os seguintes puntos que figuran na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente ao 20 de xullo de 2021.
2. Aprobación, se procede, do informe da actividade docente do profesor D. Ángel Miramontes Carballada.

A devandita xuntanza, realizase de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Comisión Permanente disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 20 de xaneiro de 2022) para pronunciarse sobre os puntos da orde do día, para o cal se achega a documentación necesaria.

a) Se o voto é favorable á aprobación da acta e á proposta contida na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE as propostas contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco) a todos ou calquera dos puntos da orde do día, deberase concretar con precisión o sentido do voto a cada un deles.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Comisión Permanente se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.



Unha vez rematado o prazo establecido, interveñen os membros da Comisión Permanente citados á marxe, os cales se pronuncian en sentido favorable con respecto aos dous puntos da orde do día, que resultan aprobados por unanimidade dos asistentes.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14,00 h do día 20 de xaneiro de 2022, de todo o cal eu como secretario dou fe co visto e praxe da decana.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro